

PROTOCOLO INTERNO PARA O USO DA AULA DE POLOS CREATIVOS

1. Persoas usuarias:

A Aula de Polos Creativos e o seu equipamento poden ser utilizados polo profesorado, alumnado e familias do centro. Para facer uso deste espazo, deberá empregarse o procedemento de solicitude establecido, respectando os prazos e as normas detalladas neste protocolo, ademais das prioridades de uso sinaladas no seguinte apartado.

2. Prioridades de uso:

1. Profesorado vinculado a proxectos do centro (EDLG, Igualdade, Convivencia, Polos Creativos, Biblioteca, StemClub...).
2. Profesorado da materia Proxecto Competencial.
3. Profesorado do departamento de Tecnoloxía.
4. Profesorado doutras materias.
5. Alumnado e familias que soliciten o uso da aula.

3. Procedemento para a utilización da Aula de Polos Creativos:

Para empregar a Aula de Polos Creativos, é necesario cubrir a folla de solicitude dispoñible na propia aula. A pesar de que a aula poida estar reservada, a persoa encargada da xestión do espazo determinará a prioridade de uso conforme ás preferencias establecidas.

O equipo de Polos será o responsable de xestionar as solicitudes coa maior axilidade posible, seguindo as preferencias de uso indicadas no apartado anterior.

Na solicitude deberá especificarse a data e horario de reserva (inicio e fin), a finalidade do uso e o material necesario. Deste xeito, o equipo de Polos poderá preparar o material con antelación.

A aula estará dispoñible durante o horario lectivo do centro. Para o seu uso fóra deste horario, deberá consultarse co equipo directivo.

Para proxectos de centro con continuidade ao longo do curso, a reserva do espazo deberá facerse ao comezo do ano escolar, especificando a cantidade de horas e o equipamento necesario.

Para usos puntuais ou actividades illadas, a solicitude deberá presentarse cunha antelación mínima dunha semana, detallando as horas e os recursos precisos.

A aula poderá empregarse sen reserva sempre que estea dispoñible nese momento.

4. Evidencias de uso:

Unha vez rematado o uso da aula ou do seu equipamento, todas as persoas usuarias disporán dun prazo máximo de 15 días para entregar evidencias da actividade realizada (fotografías, documentos, etc.). Estas evidencias poderán enviarse ao correo polocreativo.ies.saturnino.montojo@edu.xunta.gal.

Se as imaxes se realizan coas tablets da aula, estas quedarán automaticamente gardadas en Google Photos.

5. Comunicación de incidencias:

A Aula de Polos Creativos é un espazo de traballo que debe permanecer limpo e ordenado. As persoas usuarias deben velar polo bo uso do material, especialmente no caso do alumnado.

As tablets dispoñen de conexión á wifi do centro, pero sen restricións de acceso, polo que é fundamental supervisar o seu uso. Ademais, todo o equipamento empregado debe ser devolto en perfecto estado, apagado e correctamente gardado.

Calquera incidencia detectada na aula debe ser comunicada de inmediato ao equipo de Polos ou á persoa responsable. Entre as incidencias que se deben reportar inclúense:

- Fallos ou avarías no equipamento.
- Danos na moblaxe ou nos recursos dispoñibles.
- Situacións que dificulten o normal funcionamento da aula.

As persoas usuarias deben colaborar na identificación de incidencias e achegar toda a información necesaria para a súa resolución.

O incumprimento das normas establecidas neste protocolo poderá supoñer a restrición do acceso ao espazo en futuras ocasións.

6. Consideracións finais:

O equipamento da Aula de Polos Creativos é propiedade do centro e debe utilizarse unicamente con fins educativos. As persoas usuarias deben facer un uso responsable e seguro do material, sendo responsables de calquera dano que poidan causar tanto ao equipamento como ao software instalado.

Este protocolo debe ser coñecido por todas as persoas usuarias. No caso do alumnado, é importante reforzar a necesidade de respectalo para garantir o correcto funcionamento da aula e a seguridade de todas as persoas que a empreguen.

Como a aula está en proceso de creación, estas normas poden ser revisadas e reformuladas para a súa adaptación tanto ao material que vaia chegando como ao seu uso.

Calquera dúbida relacionada co uso da aula ou co cumprimento destas normas pode ser consultada coa coordinadora de Polos Creativos.

O uso da Aula de Polos Creativos implica a aceptación deste protocolo e das medidas que poidan derivarse do seu incumprimento.